



MODELO SILVÍCOLA	PPA1
ESPECIE PRINCIPAL:	<i>Pinus pinea</i> , aplicable a formacións mixtas con <i>P. pinaster</i> ou frondosas autóctonas.
OBXECTIVO:	Producción de piñón e madeira.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais, en particular nas provincias de Ourense e Pontevedra.	

REXENERACIÓN	
Marco e densidade de plantación	Rexenerados naturais ou plantacións, densidades iniciais de 1.000 a 1.200 pés/ha para fomentar produción de piña.
Mantementos	Reposición de marras e roza total no primeiro ano. Entre os 2-5 anos, mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas. Posible mantemento con gando nos bastíos/alto fustes rareados, con roza previa da matogueira e cargas de 0,2 vacas ou 0,3 cabalos/ha. Recomendable utilización de aboado (N,P,K) baixo en nitróxeno de liberación gradual, e sempre consonte lexislación.

TRATAMENTOS SILVÍCOLAS	
Podas	Podas de fuste, eliminando polas baixas para conformar copa globosa, con expansión horizontal e descontinuidade vertical do combustible. Dúas intervencións, acadando os 5,5-6 m. Poda de olivación para eliminar ramas secas e franzas improdutivas no interior da copa, facilitando acceso para recollida.
Desmestas	Aplicar dúas desmestas ata acadar unha densidade obxectivo de 400 a 450 pés/ha cando o diámetro normal (dn) acade 20 cm. Tratamento de restos de desmestas/podas por trituración, espaxado ou retirada para aproveitamento, segundo lexislación vixente, no 50% das entreliñas.
Rareas	Aplicar rareas cunha rotación correspondente a incrementos diamétricos de 10 cm. Densidade obxectivo para dn=40 cm de 200 pés/ha. Aproveitamento de madeira de trituración e táboa pequena.
Aproveitamento de piña	Recollida anual de piña dende os 20-30 anos, de forma manual ou con vibradores. Produción de piña dependente de condicións climáticas, esperable de 150 kg/ha ata 400 kg/ha aos 120 anos.

CORTA FINAL DE REXENERACIÓN	
Idade de corta	Adaptable ao nivel de produción de piñón, frecuentemente 120 anos. Posibilidade de anticipar a quenda en caso de problemas de desenvolvemento do rodal ou falla de produción de piñón.
Métodos de corta	Corta a feito en dous tempos, de rareo sucesivo ou de entresaca. Madeira obtida empregable na súa maior parte a serra. Tratamento de restos de acordo coa normativa vixente. Compatible con resinación 3-5 anos previos á corta final polos métodos de borehole ou pica de cara simple ancha (20 cm).